

Concertos didácticos de música tradicional nos centros escolares

Mañá venres 3 de marzo dará comezo o programa de concertos didácticos de música tradicional que terá lugar nos propios centros escolares.

Esta proposta didáctica continúa o labor desenvolvido os cursos pasados de achegamento da música tradicional e de formación musical dos escolares de educación primaria e secundaria en horario lectivo. Cada curso escolar participan arredor de 3.500 alumnos/as de primaria e secundaria e 20 centros.

Os primeiros centros en participar son:

Ás 10 horas: IES Arcebispo Xelmírez I, con 150 escolares de secundaria.

Ás 12 horas: CEIP Colexiata de Sar, con 60 escolares de 1º a 6º de primaria.

Así mesmo o mércores 8 haberá outras dúas sesións, neste caso nos centros escolares:

Ás 10 horas: C. A Miragrosa, con 100 escolares de 3º a 6 de primaria.

Ás 12 horas: IES Arcebispo Xelmírez II, con 60 escolares de 2º e 4º de secundaria.

CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA:

Obxectivos:

- ? Introducir aos participantes no coñecemento da nosa tradición musical, dun xeito lúdico e participativo.
- ? Promover o uso educativo da música en relación co desenvolvemento sociocultural, político e económico.
- ? Estimular a capacidade de comprensión deste fenómeno cultural que nos identifica como colectivo.

Metodoloxía:

Sesións teóricas nos propios centros escolares onde os músicos falarán sobre a morfoloxía e a sonoridade dos instrumentos, a súa utilización, a súa evolución histórica: ritmos, a figura do gaitero, a figura da pandeireteira, os romances de cego, as cantareiras, o canto coral con gaita; a construción dos instrumentos de música tradicional e interpretarán diferentes pezas musicais exemplificadoras dos contidos a tratar.

Relación co currículo:

- ? Educación musical
- ? Historia de Galicia

Características:

Destinatarios: alumnos/as e profesores/as de educación primaria e secundaria.
Lugar de realización: nos centros escolares de primaria e secundaria de Santiago que o soliciten.
Datas de realización: mércores (8, 15, 22 e 29) e venres (3, 10, 17, 24 e 31) de marzo de 2006.
Horario das sesións: ás 10 h. e ás 12 h. (a escoller).

Realiza a actividade: o grupo de música tradicional "Caldaloba" e Felisa Segade, do grupo Leilía.
Duración: 60 minutos.

Contidos:

Coa interpretación de distintas pezas ao longo do concerto preténdese conxugar o coñecemento de distintas facetas da música tradicional, como:

- ? Un percorrido histórico, tratando de recrear as distintas formacións musicais existentes ao longo dos tempos na música tradicional galega.
- ? Presentación morfolóxica e sonora dos instrumentos que se utilizan hoxe en día, na música tradicional, así como un breve percorrido pola súa evolución histórica:
 - a gaita
 - a zanfona
 - a requinta
 - o clarinete
 - a pandeireta
 - instrumentos caseiros (cunchas, botella,...)
 - a percusión
 - as frautas
 - o tamboril
 - o acordeón
- ? Interpretación dos distintos ritmos da música tradicional galega, e outros ritmos incorporados á mesma dende outras culturas, a traves de vías tan diversas como o Camiño de Santiago ou a emigración.
- ? Interpretacións vocais: cantos de cantareiras e interpretacións de romances de cego.
- ? Descrición do contorno social do músico tradicional ao longo da historia así como dos materiais naturais que serven de materia prima para a elaboración dos instrumentos tradicionais.
- ? Explicacións sobre o proceso de elaboración que seguen, na actualidade, os artesáns para a construción dos instrumentos tradicionais galegos (exemplificacións das diferentes fases constructivas *in situ*).

Repertorio do concerto:

1. Nana:

Esta peza musical sírvenos para explicar os cantos de traballo; a voz era o instrumento principal que se usaba nos labores de cotío, á que se acompañaban os instrumentos de traballo como percusión.

2. Muiñeira de Calvos de Randín

Canto con tixola, cunchas, ferriños, lata, culleres, sacho.
Explicarase a construción dos instrumentos de percusión.

3. Palmira

Canto con utilización de percusión confeccionada (pandeiro, pandeira, pandeireta).
Os elementos da natureza axúdanos a construír instrumentos musicais. Farase demostración de:

- ✍ O ferro: trompa.
- ✍ As follas:
- ✍ A cana: gaita de cana.
- ✍ O corno.

4. Explicación sobre a Gaita conectando cos materiais anteriores:

- ✍ Canas dobles e simples.
- ✍ Materiais, foles, anillados.
- ✍ As vestimentas
- ✍ Soan todas as pezas da gaita ao mesmo tempo.
- ✍ Tonalidades.

5. **Marcha procesional de Poio.** Gaitas Sol / Re (sen percusión).
6. **Jota 76:** gaita e tamboril.
A construción de percusión elaborada que acompaña ás gaitas.
 - ✍ Tamboril (afinación, tensión).
 - ✍ Caixa bordonera.
7. **Muiñeira de Visantoña:** Peza de cuarteto / quinteto.
8. **Romance da solteiriña:**
 - ✍ Os cantos de cego e as zanfonas.
9. **Peza de Requinteiros**
A requinta, o bombo con platillos, caixa, clarinete, acordeón.
10. **Negreira**
Peza de Murga

Material didáctico:

- ✍ Papeis de Educación nº 17.
- ✍ Carpeta de documentación para o profesorado.

Actividades complementarias:

Taller de construción de instrumentos tradicionais: visita didáctica.

BIOGRAFÍA DO GRUPO :

O grupo Caldaloba nace na Terra Cha no ano 1997. Os seus compoñentes proceden do mundo da música tradicional no seu estado máis puro, aínda que tamén conxugan o saber académico de conservatorio, donde varios deles estudian algún instrumento, ademais de tocar a gaita e a percusión. Deste xeito o seu repertorio é variado intercalando música de autor coa música tradicional.

Os seus compoñentes levan moitos anos dedicados ao mundo da música tradicional galega, tanto no eido do ensino como no da construción de instrumentos musicais.

Durante a súa traxectoria profesional, deron unha serie de concertos didácticos polos institutos da provincia de Lugo, co fin de achegar a música galega á escola. Traballan na recuperación da nosa memoria histórica para conseguir a normalización cultural e musical que hoxe non temos.

Os membros do grupo son:

? Bruno Villamor: Gaitas (Re, Do,Sib), Requinta, Pandeireta, Tamboril.

- ? Marisa Da Pereira: Acordeón, Teclados e Piano.
- ? Marcos Galán: Óboe, Corno Inglés, Fautas, Twin Whistles, Gaitas (Sol, Do, Sib), Pandeireta e Choca.
- ? Vitor Otero: Zanfona, Gaitas (Do, Sib), Pandeireta.
- ? Xaneco Tubio: Tamboril, Pandeiro, Pandereita. Tixoletas, Ferriño.
- ? Ramón Parga: Bandolim, Bombo, Terrañolas, Trecolas, Pandeiro, Ferriño.
- ? Xavier Santiso "Puchi": Violino, Bombo, Teclados.